



ORGANO XESTION ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE

MEMORIA

MEM1: ORGANIZACIÓN.

O Pazo de Congresos e Exposicións é un organismo autónomo do Concello de Pontevedra, regulado polos seus estatutos aprobados polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 25 de xuño de 1998, (*BOP nº 172 do 7/09/1998*) tendo pois personalidade xurídica propia xestiona directamente os servizos culturais de competencia do Concello.

O seu órgano reitor é o Consello de Goberno, constituído por once membros: o Presidente, catro Concelleiros do Concello, (1 BNG, 1 PP, 1 PSOE, 1 Marea), un vogal representante da Deputación, mais dous vogais designados directamente pola Alcaldía entre persoas de recoñecido prestixio cultural con residencia no municipio, nomeadas por Decreto de data 10 de xullo de 2015.

MEM2 :XESTION DE SERVICIOS PUBLICOS.

Non consta.

MEM3: BASES DE PRESENTACION DAS CONTAS.

Ao longo do exercicio económico, tanto no rexistro das operacións económico-financeiras, como na elaboración das contas anuais se seguiron as disposicións do Modelo Normal da ICAL 2013.

En ningún caso foi necesaria a utilización de outros principios contables que se separaran dos criterios dos principios contables públicos para a consecución da imaxe fiel.

MEM4: NORMAS DE VALORACION.

Para a dotación das amortizacións do Inmobilizado Inmaterial, e tendo en conta as dificultades que para o seu cálculo constitúe o feito de que non se conte nin con un Inventario Municipal, nin con un Inventario contable, se seguen os criterios de amortización sinalados nas bases de Execución do Orzamento. O seu cálculo ven especificado no informe do OXPC á Conta Xeral.

Polo que respecta á dotación da provisión para insolvencias, se seguiu o criterio establecido nas Bases de Execución do Orzamento para o cálculo dos dereitos de difícil ou imposible recadación.

